

abril / maio 2018 VIGO

EXPLURART

festival da música e das artes
do **CSMVigo**

NAS
ONDAS

26 de abril

Auditorio Martín Códax CSMVigo, 20:30 h.

CORO DE CÁMARA RÍAS BAIXAS

Brais González (piano)

José Luis Vázquez (barítono)

Beatriz Riobó (soprano)

Bruno Díaz (director)

O Coro de Cámara Rías Baixas presentouse en xaneiro de 2014 en Vigo coa finalidade de suplir a carencia de formacións corais que puidesen colaborar con orquestras, bandas e grupos de cámara no sur de Galicia. A súa pretensión inicial tamén consistiu en impulsar novos solistas e servir de ferramenta a compositores noveis e consagrados da zona das Rías Baixas. O coro xa suma máis de corenta actuacións tanto de xestión propia como programadas en diversos ciclos ou festivais tales como Outono Lírico, Vigo Sinfónico, IX Ciclo de Música Relixiosa de Barcia de Mera, Nas Ondas, Pórtico Sonoro, Explurart, Cooltural Cambados e II Festival Groba.

Interpretou obras como a Petite Messe Solennelle de G. Rossini, o Requiem en Do menor de L. Cherubini, a Music for the Funeral of Queen Mary de H. Purcell, fragmentos da Misa en Re de A. Dvorák, a Misa da Coroación de W.A. Mozart ou o Requiem en Re menor de G. Fauré. Ademáis, participou nun Mesías Colaborativo, na gravación do documental Corrente do Golfo co pianista Alberto Conde, e actuou na ópera Rigoletto.

En 2018 te realizado o Requiem en re menor KV 626 de W.A. Mozart así como a ópera programada dende Amigos da Ópera de Vigo.

Programa:

Martín Códax/Brais González (1985)

Cantigas de Amigo (recollidas no Pergamiño Vindel)

- 1.- Mia Irmana Fermosa
- 2.- Ai Deus se sab´ora
- 3.- Ai ondas que eu vin
- 4.- Ondas do mar de Vigo
- 5.- Mandad´ei comigo
- 6.- Eno sagrado en Vigo
- 7.- Quantas sabedes amar

Gabriel Fauré (1845-1924)

Requiem en re menor, Op. 48

- 1.- Introit et Kyrie
- 2.- Offertoire
- 3.- Sanctus
- 4.- Pie Jesu
- 5.- Agnus dei et Lux Aeterna
- 6.- Libera me
- 7.- In Paradisum



2 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

TRÍO VICUS MARE

Leo Blanco Novoa (violín)

Susanna Blanco Novoa (violonchelo)

Rasa Biveviene Jakutyte (piano)

Esta agrupación camerística nace no ano 2012 da man de tres profesores de conservatorios da cidade de Vigo: a pianista Rasa Biveviene Jakutyte, o violinista Leo Blanco Novoa e a violonchelista Susanna Blanco Novoa, profesores no CSMVigo e no CMUS Profesional de Vigo, e ten como obxectivo abordar o gran repertorio existente para a formación de trío con piano. Desde os tríos clásicos de Haydn ou Mozart, pasando polas grandes obras para esta formación de Schubert, Beethoven, Dvorak ou Brahms, entre outros moitos, ata o repertorio do século XX como é o caso de Rachmaninov ou Shostakovich, sen descartar tamén a incursión na música de nova creación para esta formación no presente século XXI. A paixón pola música de cámara, e a posibilidade de aportar unha nova visión interpretativa deste fermoso xénero, constitúe un dos principais nexos de unión destes tres intérpretes. O programa que presentan neste concerto, inclúe dúas obras do século XX de dous compositores moi representativos do panorama musical e compositivo, como son Dmitri Shostakovich e Astor Piazzolla.

Programa:

Dmitri Shostakovich (1906-1975)

*Trío para piano, violín e violonchelo n.º 2,
en Mi menor, Op. 67*

Andante

Allegro con brio

Largo

Allegretto



3 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

PSICOLOXÍA E ÓPERA A TRAVÉS DAS PERSOAXES FEMENINAS

Patricia Blanco (soprano)

José Manuel Fernández (piano)

A música ten a capacidade de chegar directa ao corazón das persoas ao contactar coas súas emocións. escoitar e deixarse levar polos sons musicais constitúe un dos maiores praceres dos que é responsable a creatividade humana, porén, este pracer pode verse sensiblemente incrementado cando o público acadada unha comprensión máis profunda do tratamento musical e textual que poetas, libretistas e compositores de ópera deron ás súas personaxes. Mediante a interpretación cantada e a análise do estado psicolóxico e emocional destas personaxes, propónse un percorrido por algúns dos principais roles femininos da ópera a través das arias máis representativas. A xenialidade das obras que neste programa se interpretan, baséase, entre outras cousas, na profunda comprensión (consciente ou inconsciente) que estes artistas acadan das emocións, sentimentos, desequilibrios, traumas ou verdadeiros trastornos psicolóxicos das súas personaxes femininas.

Programa:

Dona Ana, a historia dun triplo trauma

W. A. Mozart (1756-1791)

“D. Ottavio son morta... Or sai chi l'onore”

(D. Giovanni: recitativo e aria de Donna Anna)

Margarita, a adolescente atrapada na roda da obsesión

F. Schubert (1797-1828)

Gretchen am Spinnrade

Anna Bolena, o delirio como única escapatoria posible

G. Donizetti (1797-1848)

“Piangete voi... al dolce guidami”

(Anna Bolena: recitativo e aria de Anna)

Liù, escrava dun sorriso

G. Puccini (1858-1924)

“Tu che di gel sei cinta” (Turandot: Aria de Liù)

Tosca, dona do instante a costa da súa vida

G. Puccini (1858-1924)

“Vissi d'arte” (Tosca: aria de Floria Tosca)

Manon Lescaut, delirio o lucidez?

G. Puccini (1858-1924)

“Sola, perduta, abbandonata”

(Manon Lescaut: Aria de Manon)



4 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

PIANO E ELECTRÓNICA

Piano: Nicasio Gradaille, Noelia Martínez, María Sanjorge, Estefanía Cereijo, Flavio Sedano

Electrónica: Pablo Beltrán

Composición: Julio Domínguez

Coordinación: Nicasio Gradaille e Pablo Beltrán

Este proxecto xurde da colaboración de dous departamentos do CSMVigo: Piano e Composición, e máis concretamente, dos profesores das materias de Repertorio para Piano dos Séculos XX e XXI (Nicasio Gradaille) e Novas Tecnoloxías aplicadas á Composición (Pablo Beltrán), materias estas que se complementan á hora de interpretar o repertorio para Piano e Música Electrónica. Dende un punto de vista pedagóxico, pretendemos que os nosos alumnos se familiaricen coas actuais tendencias musicais.

Logo de que en 1960 Stockhausen escribira a partitura de Kontakte no que combina sons de instrumentos acústicos (piano e a percusión) con sons electrónicos (creados por computadores), esta combinación foi moi usada por compositores vangardistas interesados nas novas tecnoloxías. E como estas evolucionan tan rapidamente pouco teñen que ver os recursos utilizados por Stockhausen en 1960 cos utilizados nestes momentos.

Todas as obras deste programa foron compostas neste século XXI: a peza de Stockhausen en 2002, as de Essl nos anos 2009 e 2012 e as obras de Flavio Sedano e Julio Domínguez foron compostas para esta ocasión, polo que asistimos á súa estrea.

Programa:

Karlheinz Stockhausen (1928-2007)
Klavierstück XVI (piano e electrónica)

Julio Domínguez (1965)
Electro-acoustical Jarret Tribute
(para piano e electrónica)*

Karlheinz Essl (1960)
Sequitur XIII (extended piano and live-electronics)

Flavio Sedano (1995)
Sentidos más allá de Orión (piano e electrónica en vivo)*

Karlheinz Essl 1960)
Junctions (grand piano with 2 players, and live-electronics)

* Estrea absoluta.



6 de maio

Museo MARCO de Vigo, 12:30 h.

COLECTIVO SPIL

Fernando Abreu (clarinete)

José Pons (trombón)

Nicasio Gradaille (piano)

Isabel Gil (piano)

Carlos Castro (percusión)

Margarita Mariño (violoncello)

Eva González (violín)

María del Carmen Outón (artista gráfica)

Miguel Fraile (guitarra)

David Arroyos (electrónica)



A improvisación libre é un proceso creativo e espontáneo, que serve como medio para expresar a emoción nun momento e espazo concreto, de xeito individual ou como diálogo con outros individuos e linguaxes artísticas. Recupera o impulso primeiro do ser humano que xorde da nosa curiosidade, do noso desexo de percibir a través dos sentidos, do disfrute de probar e inventar sonidos, texturas, cores... sen restricións, coa imaxinación como único límite e a fascinación polo rastro da nosa acción. En resumo, é recuperar a autonomía na exploración espontánea e... o xogo.

Fronte á idea, bastante estendida, de que improvisar é “facer calquera cousa”, a preparación e a aprendizaxe desta disciplina é un laborioso proceso de exploración, non so das posibilidades do propio instrumento, da voz, do movemento ou dos materiais pictóricos para reflexar as necesidades expresivas de cada artista, senón tamén das infinitas maneiras de negociación social que se teñen que establecer entre os artistas que participan desta experiencia colectiva, para que a voz, a música e a pintura “camiñen”, “funcionen” e, finalmente, sexa un medio de expresión.

Programa de improvisación en directo

8 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

REDESCUBRINDO SONS. TRÍO

Pablo Dopazo (bombardino, serpentón e electroacústica)

Rosana Domínguez (soprano)

Diego Rosal (percusión)

REDESCUBRINDOSONS é un programa que pretende ofrecer unha visión moi persoal de músicas dun tempo pasado no que a palabra tiña unha importancia capital. Esta reinterpretación de grandes temas pretéritos lévase a cabo a través dun primsa moi particular, nunha agrupación formada por tres músicos que interactúan dun xeito cuasi dialogado, tentando reflectir unha orixinal mensaxe musical. Na formación conflúen tamén dous mundos, o antigo -representado pola voz, a percusión e o serpentón- e o actual, do que forman parte o bombardino e a electroacústica.

Esta é, polo tanto, unha proposta diferente e nada convencional que tenta espertar na audiencia sensacións primarias das que quizáis había tempo que non desfrutaba.

Programa:

C. F. Abel (1723-1787)

Adagio in D minor, WC 209

Piece in D minor, WC 208

J. Arañés (...-1649)

Un sarao de la chacona

Stefano Landi (1586-1639)

Passacaglia della vita (1923-2006)

H. I. F. von Biber (1644-1704)

Passacaglia

Tradicional sefardí

Morena, me llaman

El Rey de Francia

La rosa enflorace

A. Kircher (1602-1680)

Modo Hypodorico

M. Godard (1960)

A trace of grace

B. Strozzi (1619-1677)

L'amante segreto

G. Kapsberger (1580-1651)

Che fai tu

G. Frescobaldi (1583-1643)

Se l'aura spira tutta vezzosa



9 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

PIANO A CATRO MANS

Pablo Rodríguez (piano)

Yolanda Represas (piano)

Unha selección de obras nun formato pouco habitual e sempre espectacular, en tanto que explora os rexistros e posibilidades sonoras do piano máis alá da tradición asentada do intérprete solista, convertíndoo así nunha particular expresión do xénero camerístico.

Programa:

Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791)

Sonata en fa maior, KV497 (1786)

Adagio-Allegro di molto

Andante

Allegro

Franz Schubert (1797-1828)

Allegro en la menor (*Lebensstürme*), D 947 (1828)

Fantasia en fa menor, D 940 (1828)

Allegro molto moderato

Largo

Allegro vivace

Tempo primo

Gabriel Fauré (1845-1924)

Suíte "Dolly" (1896)

Berceuse (Canción de berce)

Mi-a-ou

Le jardin de Dolly (O xardín de Dolly)

Kitty valse (O valse do gatiño)

Tendresse (Tenrura)

Le pas espagnol (Danza española)



10 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

TANGATA: 30 ANOS

Enrique Migliarini (voz)

Artigas Anelo (bandoneón)

David Veiga (violín)

Alberto Vilas (piano)

Gustavo A. Barcia (contrabaixo)



TANGATA é unha formación adicada ao tango e a todas as súas manifestacións. Creado arredor da figura do bandoneonista uruguaio Artigas Anelo no ano 1988, está a celebrar pois neste 2018 o seu 30 aniversario como grupo. Precisamente para conmemorar este feito veñen de gravar un novo disco: “Que 30 años no es nada” e que están a presentar neste ano. Cun amplísimo e exclusivo repertorio no que aos arranxos dos temas se refire, interpretan tangos, vales e milongas cun estilo moi particular e característico. Desenvolvendo a súa actividade principalmente como un cuarteto instrumental, sempre contaron coa colaboración dun cantante en numerosas ocasións e decidiron neste novo traballo presentarse como quinteto. Na súa dilatada traxectoria TANGATA publicou catro traballos discográficos, sendo principalmente unha formación adicada aos concertos ao vivo percorrendo miles de escenarios nacionais e internacionais. Os integrantes de TANGATA variaron moi pouco ao longo destas tres décadas; os seus compoñentes proveñen ou compaxinan esta actividade con outros xéneros e adócense á docencia sendo profesores en distintos conservatorios de Galicia.

TANGATA amosa nos seus concertos toda a emotividade e forza expresiva do tango, un dos xéneros, sen dúbida, máis importantes da música do s. XX.

Programa:

Lúis Brignolo - CHIQUÉ

Aníbal Troilo/ Enrique Cadícamo - GARÚA

Aníbal Troilo/ Cátulo Castillo- LA ÚLTIMA CURDA

Ástor Piazzolla/Horacio Ferrer - CHIQUILÍN DE BACHÍN

Cátulo Castillo - ORGANITO DE LA TARDE

Héctor Stamponi/ Cátulo Castillo EL ÚLTIMO CAFÉ

Virgilio/ Homero Expósito -NARANJO EN FLOR

Julio De Caro - BOEDO

Mariano Mores - UNO

Carlos Gardel /Alfredo Le Pera MELODÍA DE ARRABAL

Julio De Caro - EL ARRANQQUE

Gerardo Matos Rodríguez – LA CUMPARSITA

Carlos Gardel/ Alfredo Le Pera - EL DÍA QUE ME QUIERAS

11 de maio

Auditorio Martín Códax do CSMVigo, 20:30 h.

WEST SIDE STORY: HOMENAXE A BERNSTEIN

Arabel Moráguez (Piano)

Rasa Bibeiniene (Piano)

Carlos Castro (Percusión)

Joaquín Sanchís (Percusión)


Pilar Moráguez (Soprano)

Alberto García (Tenor)

Pablo Beltrán (Arreglista e compositor)

Coro do Conservatorio Superior de Música de Vigo

Toni Cantal (Director de coro)



Anos 50. Nova lorque, a cidade das cidades, convértese no escenario da posta ao día en forma de musical contemporáneo da gran historia de amor de todos os tempos, *Romeo e Julieta*. A inmortal parella de amantes cambia Verona polos suburbios neoiorquinos e Capuletos e Montescos adáptanse aos tempos modernos trocándose en dúas bandas xuvenís rivais. A súa rivalidade é absoluta. A súa reconciliación, imposible. Unha posta en escea única, co impactante son de dous pianos acompañados por unha máxica percusión e encarnando aos personaxes de Tony e María, dúas voces sorprendentes de tenor e soprano. A suma de todo crea un ambiente excepcional para gozar dun dos máis espectaculares musicais de Hollywood: West Side Story.

Programa:

L. Bernstein (1918-1990)

Suíte sinfónica de “West Side Story” para dous pianos, dous percusionistas e voces.

Arranxos de John Musto e Pablo Beltrán.

CSMV

CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCELLO
DE VIGO



Vivimos nunha cidade fermosa



Erasmus+



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

MUSICAL
PONTEVEDRA



MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

CSM
A CORUÑA



cmus
OURENSE

cmusVIGO



CSM
RIBEIRA

CSM
REDONDELA

Síguenos:



ConservatorioSuperiorDeVigo



@CSMVigo



CSMVigo



www.csmvigo.com